

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



**RESOLUCIÓN**  
**(Expediente 457/406)**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo mediante acordo do 2.06.2022, conforme á Oferta excepcional de Emprego Público de data 01.04.2022 e conforme ao previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, convocou proceso de selección (concurso de méritos) para proveer unha praza de Auxiliar Administrativo na Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU); as Bases Específicas publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) de data 22.06.2022; o seu extracto no BOE de 18.07.2022.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal Cualificador publicou na Sede Electrónica do Concello de Vigo a relación provisional de aspirantes con maior puntuación e proposta de nomeamento. Consta no Expediente Certificación do Tribunal facendo constar que no prazo de dez días os interesados non presentaron alegacións polo que a proposta provisional enténdese definitiva; consta que a interesada presentou ante os Servizos Centrais da XMU a documentación sinalada na Base Oitava da convocatoria.

Corresponde á Vicepresidencia da XMU, por delegación da Presidencia, a competencia para nomear ao persoal funcionario de carreira; a tal efecto, resolvo,

**PRIMEIRO.** Nomear funcionaria de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa, Grupo C, Subgrupo C2 a **Dª NOELA AVENDAÑO PAREDES \*\*\*3741\*\***

**SEGUNDO.** Conforme ao disposto no artigo 62.1 c) do R.D. Lex. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o T.R. da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para adquirir a condición de funcionaria de carreira as persoas nomeadas prestarán acatamento da Constitución e tomarán posesión do seu destino no prazo de tres días a partires do seguinte á data de publicación desta Resolución no BOP.

**TERCEIRO.** Notificar a presente Resolución á interesada e proceder a súa publicación no BOP e Sede Electrónica do Concello de Vigo.

**CUARTO.** A presente Resolución poñe fin á vía administrativa, contra a mesma poderá interpoñerse ante a Presidencia da XMU recurso potestativo de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes a partires do día seguinte á data da publicación desta Resolución no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados da Xurisdición Contencioso-Administrativa da Cidade de Vigo no prazo de dous a partires da mesma data. O interesado poderá exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Se no prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición non recae resolución expresa entenderase desestimado; o recorrente poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Cont-Adtva.

A Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo  
María José Caride Estévez

Ante min, o secretario da XMU  
José Riesgo Boluda

Data e sinaturas dixitais



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo  
EXPEDIENTE 657\_406

Data impresión: 16/12/2022 13:42 Páxina 1 de 1  
CSV: 2A83B1-22235C-5E54ED-SEMV3X-55VD32-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>